

# A Revolución Rusa

## Repaso a través dos seus textos

Profesora: Laura Villar Gómez

# A Revolución Rusa. Causas

- ▶ Prodúcese en 1917
- ▶ Imperio autocrático
- ▶ Contexto económico: agricultura feudal e industria dependente
- ▶ Contexto social: oposición ao tsarismo
- ▶ A Primeira Guerra Mundial

# O imperio dos tsares

- ▶ Territorio inmenso
- ▶ Poder absoluto do tsar
- ▶ Era a cabeza da igrexa ortodoxa
- ▶ Nicolas II e a tsarina Alexandra

# O contexto económico. Unha gricultura feudal e unha industria dependente

- ▶ Economía atrasada con respecto ó resto de Europa: a esclavitude (“servidume”) aboliuse no ano 1861
- ▶ A maior parte da poboación era agricultora, e era pobre. Dependía dun “señor”
- ▶ Industrialización nas grandes cidades: capital estranxeiro e proletariado industrial
- ▶ As condicións de traballo no campo e na industria eran pésimas

"A cuestión da liberación dos campesiños, que foi sometida ao Consello de Estado para a súa consideración, é, ao meu xuízo, dada a súa importancia, unha cuestión vital para Rusia, da que dependerá o desenvolvemento da súa forza e poder. Estou seguro de que todos vostedes, señores, están tan convencidos como eu da utilidade e necesidade desta medida. Ademais, estou convencido de que non se pode tratar de remitir este asunto aínda máis tarde (...). "

*Discurso de Alexandre II sobre a abolición da servidume. 28 de marzo de 1861*



"O apoio estatal á industria, a escala en que operaba, a concentración de control, os estreitos lazos entre industrias e bancos e a presenza de capital estranxeiro foron as características que resaltaron o aspecto xeral e específico da economía rusa naquel momento. "

*Tom Kemp. A revolución industrial na Europa do século XIX.*

# A oposición ao tsarismo I

- ▶ En 1898 fúndase o Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso, que, co paso dos anos, coñecerase co nome de Partido Comunista da Unión Soviética. O seu líder principal foi Lenin, aínda que tivo outros, como Trotski ou Stalin
- ▶ Lenin: é o principal inspirador da Revolución. Foi deportado de novo a Siberia pola súa oposición ao réxime, e, trala súa liberación en 1900, exiliouse en Suiza. Voltaría a Rusia en febreiro de 1917
- ▶ A principal característica do Partido Obreiro Socialdemócrata Ruso é que era marxista, o que quere dicir que defendía as teses de organización económica e social de Karl Marx
- ▶ O partido tiña dúas liñas: a menxevique (minoritarios), e a bolchevique (maioritarios), partidarios do camiño revolucionario



“Lenin, despois de Marx, debía ser aclamado polo comunismo como un pai: Lenin era un home de estatura curta, case redondo, cunha grande viveza e cunha mirada ardente e penetrante. Os pómulos saíntes e os ollos lixeiramente oblicuos revelaban unha orixe asiática. (...) Os seus cabelos caeron cando aínda era moi novo, deixándolle unha ampla testa detrás da que funcionaba a intelixencia incansable. Aos vinte anos chamábanlle "o vello". (...) A súa infancia foi cómoda e incluso feliz ata os dezasete anos, cando o seu irmán maior estivo involucrado nunha trama para asasinar a Alexandre III, polo que foi condenado á morte polo propio tsar. (...)

Lenin foi detido como revolucionario, e pasou tres anos de exilio en Siberia. (...) Finalizada a súa sentenza, Lenin foi a Europa occidental en 1900, onde permaneceu ata 1917, coa excepción dalgunhas viaxes secretas a Rusia. (...) Axelrod, o seu íntimo compañeiro doutro tempo, dixo de Lenin: *vintecatro horas ao día está dedicado á revolución, non pensa en nada salvo na revolución e, mesmo cando dorme, soña coa revolución*“.

*Palmer e Colton. Historia contemporánea*

# O marxismo

- ▶ A economía é o que move aos homes e todas as súas accións e creacións (arte, pensamento, relixión, costumes, guerras, etc.) están determinadas por ela.
- ▶ Loita de clases. Ao longo da historia houbo un enfrontamento continuo entre os propietarios e os que traballan por eles. Na época na que se creou o marxismo, a loita entre a burguesía e o proletariado.
- ▶ A ditadura do proletariado. Os proletarios teñen que conquistar o poder mediante a revolución e implantar unha ditadura de traballadores durante o tempo que sexa necesario para crear unha nova sociedade.
- ▶ Sociedade sen clases. Cando non haxa máis explotadores ou explotados, cando a propiedade non sexa privada, senón colectiva, non será necesaria a ditadura do proletariado, o Estado desaparecerá e a sociedade comunista será alcanzada.

# Oposición ao tsarismo II

- ▶ Partido Democrático Constitucionalista (kadetes): non querían derrocar o tsar, senón implantar unha especie de monarquía parlamentaria, ó xeito doutros países europeos
- ▶ Partido Socialista Revolucionario (eseristas): moi apoiado polo campesiñado

Querido irmán:

Esta cualificación paréceme a máis conveniente porque, nesta carta, non me dirixo ó emperador senón ao irmán.

Un terzo de Rusia está baixo vixilancia policial continua; o exército de policías coñecidos e secretos está en constante aumento; prisións, lugares de deportación e calabozos están cheos. Ademais de douscentos mil delincuentes de dereito común, hai un número considerable de condenados políticos, entre os que agora hai multitude de traballadores. A censura coas súas medidas represivas alcanzou o grado máis alto ca nunca. As persecucións relixiosas nunca foron tan frecuentes nin tan crueis como agora e cada vez son máis frecuentes e máis crueis.

Nas cidades e nos centros industriais concentráronse as tropas, que armadas con rifles foron enviadas contra a cidade. Nalgúns puntos xa se produciron enfrontamentos e masacres e noutros puntos están a prepararse, e a súa crueldade será aínda maior.

O resultado de toda esta cruel actividade governamental é que os agricultores, os cen millóns de homes nos que se funda o poder de Rusia, a pesar dos gastos do estado que medran considerablemente, ou máis ben grazas a este crecemento do orzamento, empobrecen de ano en ano, de xeito que a fame converteuse no estado normal, así como o descontento de todas as clases e a súa hostilidade cara ao goberno.

A autocracia é unha forma de goberno falecida. Quizais aínda responda ás necesidades dalgúns pobos de África Central, lonxe do resto do mundo, pero non responde ás necesidades do pobo ruso cada vez máis educado, grazas á instrución que cada vez é máis xeral. Así que para soste esta forma de goberno e a ortodoxia ligada a ela, é necesario, como se fai agora, usar todos os medios de violencia, vixilancia policial máis activa e severa que antes, tortura, persecución relixiosa, prohibición de libros e xornais, a deformación da educación e, en xeral, todo tipo de actos de perversión e crueldade. Ata o de agora foron os actos do teu reinado (...)"

León Tolstoi. Carta ao tsar Nicolás II. 16 de xaneiro de 1902.

# Oposición ao tsarismo III

- ▶ En 1905 estala unha revolución pacífica, que esixía o fin do autoritarismo do tsar e da súa forma de goberno: Dura represión do goberno: o domingo sanguento
- ▶ Continúan as folgas e manifestacións: agravamento do problema inicial
- ▶ Créanse os *soviets*: agrupacións de campesiños, obreiros e soldados
- ▶ O tsar comprométese a un acordo (crear a Duma e convocar eleccións), pero non o cumpre: intensificación do problema

# O contexto da Primeira Guerra Mundial

- ▶ A partir de 1914, a situación en Rusia empeora
- ▶ O país volcase coa guerra, e se empobrece
- ▶ Críticas e malestar crecente contra Nicolás II

# A revolución de febreiro

- ▶ O 23 de febreiro de 1917, en plena Primeira Guerra Mundial: gran manifestación en Petrogrado, folga xerais e motíns de traballadores
- ▶ O tsar Nicolas II abdica, e comeza un goberno provisional de eseristas e kadetes, que buscaba converter Rusia nunha democracia parlamentaria
- ▶ Óptase por non saír da guerra, para non romper os acordos con Gran Bretaña e Francia, o que provocou o descontento dos soviets e da poboación en xeral
- ▶ Comeza un descontento xeralizado na poboación e mesmo entre o propio goberno
- ▶ A situación foi aproveitada por Lenin, que avogaba pola vía violenta da revolución

# A revolución de outubro

- Os bolcheviques van gañando terreo e logran o apoio da poboación
- Lenin: os Teses de abril
- Crean o seu propio exército: Garda Vermella
- Sublévanse contra o goberno o 25 de outubro de 1917
- A revolución esténdese e os bolcheviques logran o poder
- Matan o tsar Nicolás II e a toda a súa familia
- Convócanse eleccións, os bolcheviques perden, pero sitúanse pola forza no poder
- Sáese da Primeira Guerra Mundial, firmando a paz con Alemaña
- Instáurase un sistema comunista, hostil para a poboación e baseado na vixilancia

<https://www.youtube.com/watch?v=4TPdkvvQFtY&t=4983s>

- A peculiaridade do momento actual en Rusia consiste no paso da primeira etapa da revolución, que deu o poder á burguesía porque o proletariado carece do grao necesario de conciencia e organización, ata a súa segunda etapa, que debe poñer o poder en mans do proletariado e as capas pobres do campesiñado
- Supresión da policía, do exército e da burocracia.
- Nacionalización de todas as terras do país; control da produción social e da distribución dos produtos

*Lenin, Teses de abril, 3 de abril de 1917*

# O mito de Anastasia Romanov



# A guerra civil en Rusia

- ▶ A comezos de 1918, os partidarios do regreso do tsarismo xa tiñan ó seu propio exército: Exército Branco, apoiado por Francia, Gran Bretaña, Xapón E EEUU
  - ▶ Comeza unha guerra Civil, que duraría 3 anos, e que culminaría en 1921, cunha ditadura comunista liderada por Lenin
  - ▶ Gran represión
- Para entender a represión dos rexímenes totalitarios, podes achegarte a *1984*, un libro de George Orwell

Señor!

Nós, traballadores de San Petersburgo, as nosas mulleres, os nosos fillos e os nosos pais, vellos sen recursos, pedímoslle, Tsar, xustiza e protección. Reducidos a mendigar, oprimidos, esmagados baixo o peso dun traballo esgotador, non somos considerados como seres humanos, senón tratados como escravos que deben sufrir en silencio a súa triste condición, que pacientemente soportamos. Estamos sumidos no abismo da arbitrariedade e da ignorancia. Estamos sofocados baixo o peso do despotismo e un tratamento contrario a todo dereito humano.

A nosa forza está esgotada, oh Tsar! A morte vale máis que a prolongación dos nosos intolerables sufrimentos. É por iso que abandonamos o traballo e non o retomaremos ata que non sexan aceptadas as nosas xustas demandas, que se reducen a moi pouco, pero que, sen elas, a nosa vida non é máis que un inferno de eterna tortura.

Todas as nosas reclamacións xa foron rexeitadas polos patronos como ilegais. O mero feito de formulalas interpretouse como un delito. Examine con atención e sen rabia as nosas demandas, formuladas non para o mal senón para o ben, o noso ben, pero tamén para o voso, Señor.

**Demandas dos obreiros ao tsar. Domingo sanguento. 10 de xaneiro de 1905**